



Casa das Campás
Vicerreitoría do Campus de Pontevedra

Rúa Don Filiberto 9-11. 36002 Pontevedra

Universidade de Vigo - Rexistro
Pontevedra

Salida 0013 Nº. 201800003001
05/03/2018 12:46:21

Resolución Reitoral do 5 de marzo de 2018, pola que se aproba a listaxe definitiva de cursos de extensión universitaria concedidos, ano 2018.

Pola Resolución Reitoral do 17 de xaneiro de 2018 convocáse axudas para a organización de cursos de extensión universitaria da Universidade de Vigo no ano 2018.

Unha vez efectuada a revisión de solicitudes pola Comisión de Extensión Universitaria, na súa reunión do 5 de marzo de 2018, e tendo en conta os criterios establecidos nas bases da convocatoria, esta Reitoría RESOLVE:

1 Aprobar a publicación da listaxe definitiva de solicitudes concedidas (ANEXO I)

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interponer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interponer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ao recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interponer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Pontevedra, 5 de marzo de 2018

O REITOR
(Por delegación, RR do 07.05.2015)
O vicerreitor do Campus de Pontevedra,



Juan Manuel Corbacho Valencia

Dilixencia para facer constar que esta resolución se publica no taboleiro de anuncios do Rexistro do Campus de Pontevedra con data 5 de marzo de 2018

O/a funcionario/a

[Handwritten signature]





Casa das Campás
Vicerreitoría do Campus de Pontevedra

Rúa Don Filiberto 9-11. 36002 Pontevedra

ANEXO I

LISTAXE DEFINITIVA DE CURSOS DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA CONCEDIDOS, ANO 2018

- *Aplicacións da neuroeducación na escola*
- *Ensinar ciencias con robótica, programación e produción de contidos multimedia para encerado dixital.*
- *Estratexias para a prevención e recuperación de lesións na actividade física e do deporte.*
- *Facendo físico o intanxible. Introducción á impresión dixital tridimensional.*

